

27 DE OCTUBRO DÍA NACIONAL DO TDAH

As familias cunha nena o cun neno con TDAH vivimos unha infancia e adolescencia complicada con momentos que marcan unha vida, unha vida que crece e que, para cando nos damos conta xa ten que tomar as súas propias decisións. Momentos craves son:

- **O DIAGNÓSTICO**, en moitos casos un respiro inicial “sabemos que pasa”, pronto nos daremos conta que a carreira non fixo máis que empezar.
- **O COÑECEMENTO**, entender que o TDAH trátase dunha disfunción neurolóxica que afecta a todos os ámbitos da súa vida e que se visibiliza en certos déficits das funcións executivas:
 - ACTIVACIÓN: Organización e priorización de actividades.
 - ATENCIÓN: Concentración e mantemento.
 - ESFORZO: Regulación, mantemento e velocidade.
 - EMOCIÓN: Resistencia á frustración e regulación das emocións.
 - MEMORIA: xestión da memoria de traballo e acceso a recordos.
 - ACCIÓN: Supervisión e autorregulación.
- **A CONCIENCIA**, quizais un dos máis duros ... Alguén dixo que isto era un tema de nenas e nenos... e NON: é un trastorno CRÓNICO, que vai acompañar as nosas fillas e fillos ao longo da súa vida, iso sí; nas nosas mans e nas da súa contorna está que sexa cun mellor prognóstico e desenvolvemento de estratexias paralelas que lle leven a unha vida adulta plena.
- **A LOITA**, cando parece que nos recolocamos, aparece a CONSTANTE nas nosas vidas, unha pelexa continua, contra case todo:
 - O sistema educativo: falta de comprensión, mesmo negación do trastorno, minimización da importancia da sintomatoloxía, falta e negación de axudas...
 - O sistema sanitario: a día de hoxe NEGACIÓN do diagnóstico, negación da necesidade de tratamento na idade adulta, rexeitamento e menosprezo cara ás persoas con TDAH e a súa contorna...
 - A sociedade: a sinalización das nosas fillas e fillos, o illamento dos seus iguais polas súas dificultades...
- E o MOMENTAZO: **DEIXARLLES VOAR**; esas nenas e nenos van crecendo e teñen os seus propios sonhos, ilusión, desexos, ¡SON FORTES!

Chegan os seus MOMENTOS

- A SÚA DECISIÓN DE ESTUDOS: ¿están preparados? **SI**, e se non o están ... non pasa nada, dáselle máis tempo, **TEN DEREITO A EQUIVOCARSE**.
- O SEU PRIMEIRO TRABALLO: ¿están preparados? **SI**, e se non están, pois lle tocará caerse, respirar fondo e levantarse.

A nós tócanos ESTAR, ACOMPAÑAR, AMAR.

A SOCIEDADE e a ADMINISTRACIÓN teñen un papel importante:

PROTECCIÓN, IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E GARANTIR UN DESENVOLVEMENTO PERSOAL ADAPTADO ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Para iso:

É IMPRESCINDIBLE 3 ACTUACIÓNS:

1. **Seguimento e intervención sanitaria na idade adulta** con conciencia dos riscos e dificultades que pode ter unha persoa con TDAH sen intervención multidisciplinar.
2. **Formación e axustes metodolóxicos** tanto nos centros de formación profesional como universitarios.
3. **Normalización social e interiorización** de que o TDAH é para TODA LA VIDA.

Está en xogo “A SÚA ELECCIÓN PROFESIONAL, A SÚA DECISIÓN” Non poñan trabas Á SÚA VIDA

¡Iremos alá!

o meu futuro profesional, a miña elección